



Reto Maios Creativos

EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Dende o Equipo de Educación infantil, propoñémosvos un novo reto semanal chamado: **MAIOS CREATIVOS** que parte da proposta xeral do CEIP de Ponzos que podedes atopar neste enlace (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipponzos/?q=node/380>) e que di o seguinte:

MAIOS 2020

Tags: Complementarias

Aínda que este ano non poderemos facer o xa tradicional maio no colexio, animámosvos a facer outra actividade proposta polo equipo de normalización da lingua galega do CEIP Manuel Masdías.


Dende o noso centro, animámosvos a que fagades o voso "maio" co material reciclado do que dispoñades nas vosas casas e que os colguedes nas terrazas, balcóns ou ventás, para darlle colorido ás rúas.

Ademais, dende o noso colexio animámosvos a que saquedes unha foto co maio para que nola enviesdes ao correo do noso colexio (ceip.ponzos@edu.xunta.es), para que poidamos facer un vídeo.

Ademais, animámosvos a que participedes cantando un maio que coñezades ou que inventedes. A razón é que coas gravacións de audio (soamente son) que fagades, faremos un pequeno programa de radio que colgaremos no blogue da biblioteca. Estas gravacións deberedes envialas tamén ao correo do centro (ceip.ponzos@edu.xunta.es).

Tedes de prazo ata o 8 de maio para enviar as vosas fotos e gravacións de son.

Saúde e feliz maio!!!





A partir de aí, dende o Equipo de Educación infantil, propoñémosvos o reto semanal "**MAIOS CREATIVOS**", onde traballaremos todas as áreas de Educación Infantil a través da festa dos maios.

Podedes achegar fotos de cada actividade ao correo de cada titora:

Ester (3anos): e.lombardia@edu.xunta.es

Maca (4anos): makita@edu.xunta.es

Vero (5anos): mariaveronicaromero@edu.xunta.es

Con estas actividades pretendemos que pasedes un anaco entretido mentres os pequenos/as aprenden.

Esperamos que vos guste e vos resulte divertido.

Unha aperta,

O equipo de Educación Infantil.





Proposta de actividades

A continuación propoñemos unha temporalización para cada actividade, pero podeades adaptalo á vosa situación particular.

LUNS: ACTIVIDADES DE LECTOESCRITURA

Xa que a proposta dende o CEIP de Ponzos é que participedes cantando un maio que coñezades ou que inventedes, propoñémosvos que o escribades, adaptando a axuda que prestedes aos vosos fillos e fillas segundo as súas idades e capacidades.


Exemplos:

3 anos: escribir algunha grafía

4 anos: escribir algunha palabras


5 anos: escribir algunha frase

Podeades enviar unha foto có resultado ao correo electrónico da titora das vosas fillas e fillos.



MARTES E MÉRCORES: MANDALA LAND ART
ACTIVIDADES DE ARTE E LÓXICO-MATEMÁTICAS

O **Land Art** é unha corrente da arte contemporáneo na que a paisaxe e a obra de arte están estreitamente enlazados. Nel emprégase a natureza como material.



Os **Mandalas** teñen a súa orixe na India onde se utilizan para a concentración durante a meditación. Trátase de figuras xeométricas concéntricas que comencan cun punto central no interior. As formas básicas máis utilizadas son: círculos, triángulos, cadrados e rectángulos.





A nosa proposta: Mandala Land Art

Aproveitando as saídas que as nenas e nenos poden realizar, propoñémosvos que recollan elementos naturais tales como pedras, paus, flores, etc. para a composición dun mandala na casa.

Se o preferides podedes utilizar elementos naturais que teñades en casa (froitas, legumes, verduras, etc.)

Con esta actividade pretendemos que o alumnado traballe a psicomotricidade fina, organización espacial, seriacións, simetrías, coordinación oculo-manual, creatividade, composición, etc.

A dificultade do mandala axustarase ás idades e capacidades dos vosos fillos.

Exemplos:

3 anos: dividir un círculo en 2 metades e poñer os mesmos elementos enriba e abaixo para a creación do mandala.

4 anos: dividir un círculo en 4 partes e poñer os mesmos elementos en cada unha delas.

5 anos: dividir un círculo en 8 partes e poñer os mesmos elementos en cada unha delas.





Podedes enviar unha foto có resultado ao correo electrónico da titora das vosas fillas e fillos.

Aquí tendes algunhas ideas.





XOVES: PSICOMOTRICIDADE

Como sabedes, durante a festividade realízanse representacións, bailes e cantos ao redor dos maios. Esas estruturas tradicionalmente estaban inspiradas en figuras de árbores, pero que adoptan na actualidade formas máis variadas con adornos de flores, follas e froitos.

A nosa proposta é que deixedes voar a vosa creatividade e inventedes un pequeno baile duns 15- 30 sg de duración coa canción de maio que coñezades ou que inventedes.

Podedes enviar o voso vídeo co resultado final ao correo electrónico da titora da vosa filla ou fillo. (Recomendámosvos empregar **GOOGLE DRIVE** par o envío de vídeos)





VENRES: ELABORACIÓN DO MAIO

Animámosvos a que fagades o voso "maio" co material reciclado do que dispoñades nas vosas casas e que os colguedes nas terrazas, balcóns ou fiestras, para darlle colorido ás rúas.

Dámosvos algunhas ideas para montar a estrutura como caixas de cartón, botellas de auga vacías e unidas entre si, escurridores de comida, poliespán, etc.

Podedes enviar a vosa foto co resultado final ao correo electrónico da titora a vosa filla ou fillo.

*Data límite para a recepción de correos
sábado 9 de maio.*

Un saúdo!

